

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

186 abril, maio, xuño 2010

Tomo XLVIII

4

Carta do editor

8

O rego da cultura

Memorias e responsabilidade sobre o galego.

Graciana Vázquez

Lembranza de Miquel Siguán. **Miguel Pérez Pereira**

18

Luís Seoane entre dúas culturas

As relacions de Luís Seoane con galeguistas do interior (1946-1960). **Ramón Villares**

Luís Seoane nas edicións culturais arxentinas.

Silvia Dolinko

Luís Seoane e o Laboratorio de Formas. **Xosé Díaz**

54

Documentos

Cartas de Sarmiento a Fernando José de Velasco.

José Santos Puerto

A Guerra da Independencia en Galicia.

Jesús de Juana López

72

Creación

Siberia mon amour. **Elvira Riveiro**

Berlín. **Fuco Reyes**

82

Temas do noso tempo

Presente e porvir do galego. **Henrique Monteagudo**

A cuestión da lingua. **Xacobe Bastida Freixedo**

Uma proposta portuguesa para o léxico galego.

Fernando Venâncio

108

O espello das letras

Traducindo a O'Rivas. **Jon Kortazar**

134

Crónica

Carta de Chile. **Hernán Neira**

136

Música

Unha reflexión crítica a partir da obra de Elliott

Carter. **Carlos Lema**

146

Ciencia e tecnoloxía

Panorama da investigación con células nai.

Lluís Montoliu

Carta de Chile O Estado, a educación e o terremoto

HERNÁN NEIRA

Cabe a sospeita de que, se o epicentro do terremoto chega a ter lugar na rexión metropolitana e non na do Bío-Bío —onde foi máis forte— habería decenas de miles de mortos. Moitos dos edificios en perigo de derrubamento foron construídos nos últimos cinco anos, pero na rexión metropolitana concéntranse os máis deles. Á parte das antigas casas de adobe que caeron co sismo e as de madeira arrasadas polo maremoto, curiosamente, non son os edificios do período 1940-2000 os más danados. Quedou en evidencia un saqueo de colo e grabata practicado por algúns dos grandes empresarios da construcción.

Non esquezamos, porén, que as fallas de construcción estiveron acompañadas por outras: o Estado foi incapaz de avisar que había un maremoto. O sismo tivo lugar ás 3:34 horas. Mentre a onda, na madrugada dese sábado 27 de febreiro, xa avanza e engole as primeiras costas de Talcahuano (3:57), na Oficina Nacional de Emerxencia dun país de 16 millóns de habitantes, que acaba de ingresar na OCDE, só están de quenda un técnico, un radiooperador e un chofer. A xefa, entrementres, retrásase ao saír da súa casa porque o sismo lle bloqueou a porta. Finalmente, salta un muro do vecíño, mais antes, ocúpase da súa filla, facéndolle unha pequena cura. Cando arriba, media hora despois do sismo, acaba de chegar un fax da Armada (4:07), que a directora cualificará de contraditorio. O fax di que o sismo:

Fue de magnitud suficiente para generar un tsunami, se desconoce aún si se ha producido. Si se diera la posibilidad de ocurrencia, situación que



sería informada oportunamente, las horas estimadas de arriba serían las siguientes...

O que en castelán se pode deducir é que non se sabe se hai maremoto e que, de habelo, a Armada informará. Erro de redacción? A Armada, outra media hora máis tarde, envía un novo fax, máis claro, onde descarta definitivamente un maremoto. Mellor redactado, pero materialmente máis erróneo? Había xa media hora que a base naval de Talcahuano recibira a onda. Ademais, a Armada e a Oficina de Emerxencia tampouco se poñen de acordo na nomenclatura: que si e que non, e que: *tsunami*, maremoto, marusía ou abalo da marea? Pouco máis tarde —como unha marusía se converte en maremoto segundo o perfil da costa—, a illa Juan Fernández xa recibiu a primeira onda, o que non impide que, ás 06:26, a Armada envíe un terceiro fax. Neste, fálase de “variacións leves do nivel do mar”, é dicir, 10 centímetros en Juan Fernández, 2,30 en Talcahuano. Un detalle: onde di “centímetros” debía decir “metros”. Terceiro erro de redacción?

O saqueo, o dos supermercados e o praticado talvez por algunas empresas constructoras, son reflexo dun fenómeno cultural e político de fondo. Cal? Redución do Estado e acostumarse a sobrevivir cada un remitido a si mesmo, só que ese si mesmo é pouco. E, ademais, dadas as desigualdades, pódese terminar a educación pública sen saber redactar un fax. Dende o regreso á democracia en 1990, acusouse ao Estado de ser un monstro, algo parecido a aquilo contra o que loitaron os líderes da Ilustración no século XVIII, en Europa e América. Paula Schaer, profesora argentina, describe o fenómeno dicindo que

"todas as instancias estatais e públicas aparecían nos medios como inoperantes, inefficientes, xeradoras de déficit". E, seguindo esa lóxica, despois de dúas décadas de abuso estatal por medio das forzas armadas, os líderes das recuperadas democracias ratificaron que o Estado sería unha instancia máis de dominación. Unha mestura de ideoloxías coincidiu en que todo era tiranía, menos o consumo.

Imos, en Chile, cara a un ideal estranxo: unha sociedade centrada na exclusión/consumo e xustificada pola súa tripla explicación consumo-anarco-individualista, socialdemócrata, e liberal-conservadora, unha sociedade con aspectos de esquerda e aspectos de dereita, unha sociedade dunha estabilidade inexpugnable, mais que está moi dividida e non convence. Que iso non entra en ninguna teoría política? Fan falla novas filosofías e teorías políticas.

Nas cidades más afectadas, sen control policial, uns poucos delincuentes, uns poucos desamparados e moitos más consumidores comezan a saquear. Por fin, iguais. É esa ausencia de control o que permite a algunas empresas realizar edificacións inadaptadas para o país en que foron construídas. É esa ausencia de control o que levou aos fabricantes das autoestradas urbanas de peaxe a ocupar espazos públicos cunha infraestrutura inadecuada para as condicións do país e que caeu en lugares estratégicos. É esa debilidade do Estado o que levou a que na Oficina Nacional de Emerxencia —léase ben, "Nacional"— só houbese tres funcionarios que non saben redactar e unha directora —de discutible tino— que debe saír polo muro do veciño. En realidade, o Estado tería que dotala dunha casa-búnker e contar con escolta para chegar ao seu traballo, que consiste en dobrigar catástrofes.

En Chile fallou o Estado, non a estabilidade dos solos. Durante anos, o Estado foi debilitándose, non desde fóra, non atacado por forzas revolucionarias, senón por unha autoxibarización da que é responsable esa especie de acordo global das principais cúpulas políticas, onde ningúen toma iniciativas para non molestar ao oposto e,

Hernán Neira é escritor e profesor da Universidade de Santiago de Chile. En 2003, con *El naufragio de la luz*, gañou o premio de novela Las Dos Orillas, concedido por cinco editoriais europeas e o Salón do Libro de Xixón.

Tradución Dolores Torres París

entrementres, os negócios toman todas as iniciativas. En Concepción, despois do terremoto, houbo tres noites de festa e de delirio para saqueadores. Só ao cuarto día chegou o Estado. Acabáronse os saqueos e está ben que se acabasen, porque non nos enganemos: nesas cidades non houbo ningún Robin Hood, ningúen que roubase ao rico para dárlelo aos pobres, áinda que houbese quen entregou a terceiros algunhas cousas que non podían nin consumir.

Non necesitamos nin o ditador nin o Estado-Leviatán. Necesitamos algo máis modesto. Necesitamos un Estado que fortaleza, non a igualdade delirante dunha noite sen control, nin o goberno das empresas, senón unha igualdade de cidadáns definidos polos seus dereitos e deberes; un Estado que se atreva a financiar mellores funcionarios para avisar do maremoto; un Estado onde a Presidenta non tema pedir axuda aos militares porque xa están subordinados ao poder civil; un Estado en cuxa ensinanza pública se aprenda a redactar, porque saber redactar tamén é un tema de seguridade nacional.

Talvez así algúns edificios novos perdan esa teima —que bobos son algúns recentísimos edificios en Chile!— de inclinarse como a Torre de Pisa; talvez así haxa difeiro para adquirir unha casa búnker para a encargada de enfrentar as catástrofes e para financiar un verdadeiro profesor de castelán, capaz, dende a educación pública secundaria, de ensinar a redactar un fax. Cantas vidas se salvarían! ■